



ORDENANZA FISCAL 16 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E MAIS POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL NOS MERCADOS MUNICIPAIS

Artigo 1. Fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Excmo. Concello de Pontevedra ao abeiro do establecido no artigo 20.4.u) do dito Texto refundido, establece a taxa por prestación de servizos nos Mercados Municipais que se rexerá pola presente ordenanza, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 da citada norma.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o fecho imponible desta taxa a utilización dos servizos dos mercados municipais pola explotación de postos de venda, a utilización de recintos reservados para a primeira venda de pescados frescos e mariscos e para a venda directa de produtos agrícolas a consumidores, así como a utilización de cámaras frigoríficas e instalacións similares.

Artigo 3. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza as persoas ou entidades a cuxo favor se outorguen as concesións, licenzas ou autorizacións, ou quen se beneficie dos servizos se se procedeu sen a oportuna autorización así como os que soliciten os servizos de cámaras frigoríficas e similares.
2. É suxeito pasivo da taxa pola utilización dos recintos destinados á primeira venda de marisco e pescado fresco, a persoa, física ou xurídica, pública ou privada, que se encargue da realización daquela.

Artigo 4. Responsables

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria

Artigo 5. Exencións e bonificacións

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de Lei e nos tratados internacionais.

Artigo 6. Base imponible

1. Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa a utilidade que os servizos mencionados reporten aos usuarios ou o seu custo xeral.
2. A cota da taxa regulada nesta ordenanza será a resultante da aplicación das tarifas contidas no artigo 8 e excepcionalmente no artigo 9.

Artigo 7. Períodos impositivos e devengo

1. Salvo o establecido no artigo 9 da presente ordenanza, o período impositivo da taxa pola utilización dos servizos municipais pola explotación dos postos de venda será mensual. A taxa correspondente cuxas tarifas se establecen no artigo 8.1 da presente ordenanza, devéngase o primeiro día do mes, salvo nos casos de alta ao longo do período impositivo, que se producirá no momento da citada alta. As cantidades esixibles de acordo coas tarifas serán irreducibles polo período sinalado.

2. Cando se trate da prestación de servizos no mercado municipal pola utilización de recintos destinados á primeira venda de pescados e mariscos frescos, así como a utilización de cámaras frigoríficas e instalacións similares, a taxa, cuxas tarifas se establecen nos artigos 8.2 e 8.3 desta ordenanza, devengarase no momento en que se inicie a prestación dos respectivos servizos, entendendo, a estes efectos, que a dita iniciación prodúcese coa adxudicación da venda ou a solicitude de prestación do servizo, respectivamente.

Artigo 8. Cota tributaria xeral

1. A cota tributaria da taxa por prestación de servizos nos mercados municipais, no caso en que se utilicen procedementos de licitación pública, virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación, se así o recollen expresamente os respectivos pregos, contratos ou similares.

O valor económico desta proposición nunca poderá ser inferior ao valor de mercado da utilidade ou aproveitamento que correspondese no caso de que o ben non fose de dominio público.

No caso do mercado da Avda. de Bos Aires, o valor económico da proposición non poderá, ademais, ser inferior ao valor actual das cantidades contidas na columna "amortización" aprobadas no apartado: "Tarifa primeira: Mercado da Avenida de Bos Aires".

2. A cota tributaria mensual en euros da taxa por prestación dos servizos nos mercados municipais será a seguinte, coa salvidade do establecido no apartado 3:

Tarifa primeira: Mercado de la Avenida de Buenos Aires.

No suposto de que se utilicen procedementos de licitación pública para a adxudicación de concesións de postos, o importe da taxa determinada na segunda columna (amortización) poderá vir determinado, nos supostos en que así se recolla expresamente nos respectivos pregos, contratos ou similares, polo valor económico da proposición sobre a que recala a concesión, autorización ou adxudicación Neste suposto, os suxeitos pasivos só estarán obrigados ao pago mensual do importe sinalado na terceira columna; o referido valor económico da proposición non poderá ser, neste caso, inferior ao valor actual das cantidades contidas na segunda columna.

POSTOS	TOTAL MES	AMORTIZACIÓN MES	SERVIZO MES
PRANTA BAIXA			
Tipo A	148,22	70,02	78,20
Tipo B	80,46	38,01	42,45
Posto interior	105,87	50,01	55,86
Posto interior B	114,34	54,01	60,33
Posto exterior	88,93	42,01	46,92
Posto exterior B	80,46	38,01	42,45
PRANTA ALTA			
Tipo A	88,70	29,81	58,89
Tipo B	74,70	25,11	49,59
Tipo C	78,28	26,31	51,97
Bar	252,98	85,02	167,96



BANCADAS			
Pranta baixa	58,04	20,01	38,03
Pranta alta	25,47	10,00	15,47
Postos flores	60,82	20,01	40,81

Tarifa segunda: Mercado de Frai Xoán de Navarrete, grupo de 49 vivendas.

POSTOS (núm.)	TAXA MENSUAL
1	88,96
2 e 12	81,53
3 e 4	74,18
5	74,18
6, 7, 8, 9, 10 e 11	74,18
13, 14 e 15	74,18
16, 17 e 18	66,75

Tarifa terceira: Mercado de Frai Xoán de Navarrete, grupo de 41 vivendas.

POSTOS (núm.)	TAXA MENSUAL
1, 2, 18 e 22	128,21
3, 4, 5, 6, 7, 8, 10 e 12	96,13
9, 11, 13, 15, 17, 19, 23, 24 e 25	77,02
14	192,27
16	224,34
20	147,34
21	114,96
26 exterior	411,11
26	160,25

Tarifa cuarta: Mercado de Estribela.

POSTOS (núm.)	TAXA MENSUAL
1	106,11
2	97,86
3	67,68
4	68,60
5	64,94
6	61,30
7	56,72
8	90,56
9	107,93
10	107,93
11	98,11
12	96,94
BANCADAS (núm.)	TAXA MENSUAL
13 ao 36	28,19

Tarifa quinta: Mercado de Pontesampaio.

POSTOS (núm.)	TAXA MENSUAL
1 ao 10	33,30

3. O importe por día da taxa por utilización de cámaras frigoríficas e instalacións similares é o seguinte, expresado en euros:

Carnes:

a)	Res de vacún ou fracción,	1,03 €
b)	Media res de vacún ou fracción,	0,52 €
c)	Res de porcino,	0'77 €
d)	Media res de porcino ou fracción,	0'41 €
e)	Res de gando cabrío ou lanar,	0'41 €
f)	Cabeza de ave ou caza menor,	0'21 €
g)	Cada 5 kg de carne ou fracción,	0'21 €

Pescados e mariscos, por cada 10 kg ou fracción, 0,52 €

Froitas e hortalizas, por cada 10 kg ou fracción, 0,21 €

Ovos, cada dúcia ou fracción, 0,10 €

A taxa pola utilización dos recintos destinados á primeira venda de marisco e pescado fresco e actividades administrativas anexas será do 2% do prezo de adxudicación IVE excluído

Artigo 9. Aproveitamentos en días puntuais

1. Para instalacións realizadas en días puntuais fora das casetas, bancadas e postos sinalados no apartado primeiro do artigo anterior, os suxeitos pasivos poderán acollerse ao réxime excepcional previsto no presente artigo.

2. Para aproveitamentos en días puntuais, suxeitos ás tarifas sinaladas no apartado seguinte, o período impositivo é por día. Neste suposto, a taxa devéngase o primeiro día de instalación.

3. Para aproveitamentos en días puntuais, a tarifa será de 6,18 €/día por cada metro de fronte do posto ou instalación.

4. Para as ocupacións que queiran efectuarse acolléndose ao réxime establecido neste artigo, deberá presentarse, anteriormente á instalación do posto, unha declaración polo período total de duración da feira ou similar ou por cada día de ocupación, segundo os casos.

5. As declaracións de instalación en días puntuais producirán unha liquidación que será obxecto de ingreso en réxime de depósito previo

6. O Concello poderá establecer un réxime de autoliquidación para a taxa regulada no presente artigo.

Artigo 10. Normas de xestión.

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no modelo oficialmente aprobado polo Excmo. Concello, as oportunas declaracións de alta e baixa.

2. As citadas declaracións deberán ser presentadas:



- a) Nos casos de alta, con carácter previo á súa instalación.
 - b) Nos casos de baixa, unha vez finalizada a ocupación.
3. Os cambios na titularidade tramitaranse como baixa do anterior titular e alta do novo.
4. As declaracións de alta presentadas producirán unha liquidación que será notificada ao suxeito pasivo, onde se lle comunicarán os prazos e a forma de ingreso daquela. Os suxeitos pasivos quedarán incorporados ao padrón do período seguinte polos elementos tributarios declarados.
5. As declaracións de baixa presentadas producirán a baixa no padrón do período impositivo seguinte ao da súa presentación, salvo informe do servizo municipal que corresponda que acredite a realidade da declaración do interesado.
6. A recadación periódica da taxa cuxas tarifas se establecen no artigo 8.1 realizarase mediante recibo, que deberá ser ingresado ao longo do período impositivo do seu devengo, sen que sexa necesaria a notificación individual das cotas sucesivas que se deriven da declaración de alta.
7. En ningún caso, a presentación das declaracións ou o pago da cota implicará que se entendan como autorizadas polo Excmo. Concello as distintas utilizacións dos recintos.
8. O pago das cantidades esixidas pola utilización de cámaras frigoríficas e instalacións similares efectuarase no momento de depositar nestas as mercancías, recibindo nese momento o usuario recibo asinado.
9. O pago da taxa pola utilización de recintos destinados á primeira venta de marisco e pescado fresco efectuarase no momento da adxudicación.
10. Os servizos aos que se refire o artigo 9 da presente ordenanza seguirán o réxime previsto nel.
11. A xestión dos recibos de mercados poderá realizarse agrupando nun só recibo as cotas que correspondesen a un só obrigado ao pago, cando por motivos de eficacia e eficiencia así o estime oportuno o Órgano de tesouraría e xestión tributaria.
12. Nos casos en que se utilicen procedementos de licitación pública, o pago do importe da taxa cuantificada no valor económico da proposición económica pola que se adxudica, autoriza ou concesiona o posto que corresponda, deberá aboarse nas condicións que establezan os pregos ou contrato correspondentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Os actuais concesionarios no mercado de abastos da Avenida de Buenos Aires que veñen utilizando os postos e bancadas ao abeiro dunha autorización ou concesión provisional poderán optar á transformación do seu título habilitante polo de unha concesión administrativa a 25 ou 50 anos previo pago anticipado da cantidade equivalente ao importe da cota de amortización que figura na tarifa e nos termos no que se estableza no regulamento de funcionamento do mercado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación a, ambos inclusive.

3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 21 de decembro de 2001 , aprobouse polo propio Pleno na súa sesión día 28 de outubro de 2013, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.



ANEXO.

CONTAS RESULTANTES DA APLICACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA PARA O EXERCICIO 2003

	CONCESION A 25 AÑOS	CONCESION A 50 AÑOS
PRANTA BAIXA		
Tipo A	13.552,23	19.016,62
Tipo B	7.356,93	10.323,31
Posto interior	9.680,16	13.583,30
Posto interior B	10.454,58	14.669,97
Posto exterior	8.131,34	11.409,97
Posto exterior B	7.356 93	10.323,31
PRANTA ALTA		
Tipo A	5.769,38	8.095,65
Tipo B	4.859,44	6.818,82
Tipo C	5.091,77	7.144,82
Bar	16.456,28	23.091,61
BANCADAS		
Pranta baixa	3.872,07	5.433,32
Pranta alta	1.936,03	2.716,66
Postos flores	3.872,02	5.433,32

